

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital

Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento
Dixital en Galicia 2025/2026

13ª EDICIÓN

Programa “Tecnólog@ por un día”

Manual do docente



Benvido ao Programa “Tecnólog@ por un día” do Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia

Obxectivo

Mellorar a visión que proxectan as profesións científico-tecnolóxicas e a percepción que os máis novos/as teñen delas, achegando aos/ás estudantes a realidade profesional da que formarán parte no futuro.



2 grupos de
idade

12 a 14 anos
15 a 17 anos

Presentar as vantaxes do ámbito tecnolóxico a través dunha experiencia real e práctica, potenciando e promovendo a adquisición de competencias dixitais e as habilidades que se requiren no mercado laboral actual.



1 Xornada

En que consiste?

Estudantes de 12 a 17 anos experimentarán en primeira persoa unha xornada laboral con profesionais voluntarios/as do sector participando nas distintas actividades que teña na axenda (participando en reunións, visitas a clientes tecnolóxicos, comida de traballo, etc.)

Como docente, es **responsable da inscrición no programa dos alumnos e alumnas interesados/as**. A continuación, podes consultar información relevante sobre a actividade e a súa operativa, así como pautas de actuación que che servirán de base para facilitar a túa labor.



Beneficios do programa para o alumnado

- Ofrece unha nova perspectiva das profesións dixitais e mellora a súa percepción entre o alumnado.
- Mellora a comprensión e o entendemento dos/as alumnos/as sobre os tipos de traballo ligados a estas profesións.
- Visibiliza entre os/as estudantes as oportunidades laborais que lles ofrece o sector TIC e contribúe a atraelos cara este tipo de carreiras.
- Ofrécelles, a través dunha experiencia real e práctica, elementos de orientación académica e profesional, nun contexto no que os profesionais voluntarios/as actuarán como embaixadores/as das profesións tecnolóxicas.

O teu rol como docente

A contorna educativa é un dos factores influíntes na elección vocacional dos máis novos/as. Este programa ofrece unha oportunidade única para que, como docente, poidas contribuír a que o alumnado se expoña ás oportunidades das tecnoloxías dixitais e alentalo a seguir carreiras profesionais en torno ás TIC.




Por este motivo, a túa actuación é clave para difundir e promover a participación no programa:

- Contribuíndo a divulgar a iniciativa, tanto ao alumnado como aos pais/nais/titores legais.
- Comunicando a importancia e repercusión que terá nos máis novos/as a súa participación no programa, animando á súa contorna familiar que participen.
- Garantindo que os alumnos/as contan coa autorización asinada polos pais/nais/titores legais.
- Enviando a solicitude de inscrición dos/as alumnos/as no Programa a través do formulario web.

“Tecnólog@ por un día”: PASO A PASO

A continuación, podes consultar o esquema de traballo do programa e as datas máis relevantes:




**O alumnado interesado deberá contar coa autorización dos pais/nais/titores legais. O teléfono de contacto e o correo electrónico que se indiquen na autorización será o utilizado polas empresas para comunicarse cos/as participantes e concretar a data da xornada.*

Procedemento para a inscrición dos participantes na Plataforma Web

A) MODELO DE AUTORIZACIÓN

O alumnado interesado en participar deberá contar coa autorización dos pais/nais/titores legais. Descarga o modelo de autorización dispoñible no [espazo web](#) para que o asinen os pais/nais/titores legais dos participantes.




É importante que o **TELÉFONO DE CONTACTO** e o **CORREO ELECTRÓNICO** estean debidamente cubertos na autorización xa que serán o medio de contacto que empregarán as **empresas para comunicarse cos/as participantes e concretar a data da sesión**. Lembra comprobar que se axuntan as dúas páxinas do documento.




Cando o/a alumno/a entregue a autorización cuberta e asinada, podes proceder a **cumprimentar a solicitude de inscrición** dos/as candidatos/as no formulario que encontrarás no espazo web.

Deberás **subir o modelo de autorización asinado no formulario**. Na seguinte páxina explícanse polo miúdo cada un dos pasos a seguir.

B) CUMPRIMENTACIÓN DO FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Accede ao formulario de solicitude de inscrición a través do [espazo web](#) premendo no botón . Despois, cumprimenta o formulario seguindo os pasos que se detallan a continuación:



Solicitude de inscrición - Tecnológ@ por un día 6ª Edición

Idioma Galego

Solicitude de inscrición

Deberá realizar unha solicitude de inscrición por cada alumno/a.

1

Datos do Centro

Nome do centro *

Enderezo do centro *

Telefono de contacto *

Email de contacto *

Nome do docente responsable *

2

Autorización asinada

É obrigatorio contar coa autorización para poder participar na actividade.

Autorización *

O/A alumno/a entregou a autorización asinada polos seus pais/pais/titores legais para a realización da actividade.

Autorización asinada *

No se ha seleccionado ningún archivo

Suba a autorización que entregou o/a alumno/a asinada polos seus pais/pais/titores legais para a realización da actividade.

[Máis información](#)

1

DATOS DO CENTRO

Cubre os datos correspondentes ao teu centro educativo. É importante **indicar o email e teléfono de contacto**, xa que se empregará para realizar as notificacións en relación á solicitude de inscrición dos/as alumnos/as.

2

AUTORIZACIÓN

Cando o alumnado entregue **cuberta e asinada a autorización** dos seus pais/nais/titores legais, marca o apartado relativo á entrega da mesma e **axunta o documento asinado** .



É importante comprobar que na autorización **se cubriu correctamente e de xeito lexible o teléfono e o enderezo electrónico de contacto**, xa que **serán utilizados para as comunicacións** relativas ao programa e as empresas utilizaranos para concretar a data e horario da xornada.

B) CUMPRIMENTACIÓN DO FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

3

Prazas dispoñibles

Seleccione as prazas e a súa modalidade segundo as preferencias do/da alumno/a elixindo ata un máximo de 3.

Primeira opción de praza *

- Seleccione -

Segunda opción de praza

- Ningún -

Terceira opción de praza

- Ningún -

Protección de datos de carácter persoal

Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
Finalidades do tratamento	Xestionar a través dos centros educativos a solicitude de participación dos seus alumnos e alumnas na actividade denominada "Tecnólogo@ por un día".
Lexitimación para o tratamento	Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público: Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso, o consentimento, ante o responsable do tratamento, na dirección de correo digitalent@xunta.gal , a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegad@ de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos .

Condicións sobre a política de privacidade *

Lin e acepto os termos da política de privacidade

4

5

Enviar

3 PRAZAS DISPOÑIBLES

Nos despregables desta sección poderás ver a **listaxe de prazas ofertadas** co nome da empresa e a súa localización. Podes solicitar a **inscrición en ata 3 prazas distintas** polas que teñan preferencia cada un dos/as alumnos/as, seleccionándoas en cada un dos despregables habilitados.



Ten en conta que **algunhas prazas limitan a idade dos/das participantes** e outras **poden estar reservadas para o fomento do talento feminino**. Podes consultar previamente a listaxe de prazas **no espazo web**.

4 POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Le detidamente a **información sobre protección de datos persoais** e marca a casilla de aceptación dos termos da política de privacidade para continuar.

5 ENVIAR SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

Despois de cubrir os datos e detallar as prazas de preferencia, **revisa o formulario** e preme en **Enviar**.

C) ASIGNACIÓN DE PRAZAS E COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

As **prazas dispoñibles asignaranse aplicando o resultado dun sorteo** que se realizará unha vez rematado o prazo de inscrición tendo en conta as opcións sinaladas no formulario.

Os **resultados deste sorteo comunicaranse aos docentes**, que recibirán unha notificación relativa ao estado das solicitudes realizadas (*asignada ou en listaxe de espera*).

A continuación, **serán as empresas as que se poñan en contacto cos/as participantes para concretar a data e o horario da xornada** a través do número de teléfono/email de contacto indicado no documento de autorización. Por iso, é moi importante que o formulario de autorización se cumprimente de forma clara e lexible.



PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Quen pode participar?**

Calquera estudante, en bloques de idade de 12 a 14 e de 15 a 17 anos do curso escolar 2025/2026.

- **En que datas e horarios se desenvolve o programa?**

O programa desenvolverase entre o 07 de novembro e o 18 de decembro de 2025. A data e o horario concretos da xornada serán establecidos entre o/a alumno/a participante e a empresa colaboradora (a empresa porase en contacto a través do número de teléfono e/ou email facilitado no documento de autorización).

- **Quen inscribe ao alumnado?**

A solicitude de inscrición lévase a cabo a través do persoal docente dos centros educativos, sempre que contén coa autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado.

- **Como se realiza a solicitude de inscrición?**

A través dun formulario que podes atopar [no espazo de Tecnólog@ por un día da web DigiTalent](#).

- **Cal é a data límite para realizar a solicitude de inscrición?**

O período de inscrición do alumnado permanece aberto entre o 13 ao 31 de outubro de 2025.

- **Onde consigo o documento de autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado?**

Podes descargalo [no espazo web](#). Unha vez asinada esta autorización, o/a alumno/a deberá entregala no centro educativo.

- **Xa envíei o formulario online, xa están os alumnos inscritos?**

Despois de cubrir e enviar a solicitude de inscrición, as prazas dispoñibles asignaranse aplicando o resultado dun sorteo unha vez rematado o prazo de inscrición e tendo en conta as preferencias sinaladas na solicitude de inscrición. Os resultados deste sorteo comunicaranse aos docentes, que recibirán unha notificación relativa ao estado das solicitudes realizadas (asignada ou en listaxe de espera).

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **A empresa xa contactou co/a alumno/a e axendaron a actividade, que facemos?**

O/a alumno/a deberase presentar no lugar e hora que acordase coa empresa. Para que o alumnado aproveite ao máximo esta experiencia é recomendable que coñeza as indicacións e recomendacións recollidas no Manual do Alumnado, dispoñible [no espazo de Tecnólogo@ por un día da web DigiTalent](#).

- **Canto dura a actividade?**

Normalmente os/as alumnos/as comparten unha xornada laboral (mañá e tarde). As horas concretas estipularanse entre o alumno e a empresa e dependerá da dispoñibilidade dos profesionais voluntarios.

- **Supón algún coste para o centro educativo? E para o/a alumno/a?**

Non, o centro educativo non ten que asumir ningún gasto. O/a alumno/a terá que facerse cargo do desprazamento ata o lugar que estableza coa empresa e estará cuberto por un seguro a cargo da organización/empresa colaboradora que cubrirá as incidencias que poidan suceder durante o desenvolvemento da actividade.

- **Teñen que facer algo os alumnos despois da actividade?**

Si, todos os/as alumnos/as que participen deben cubrir o cuestionario de satisfacción dispoñible [no espazo web](#).

Para trasladar calquera aclaración ou consulta adicional podes utilizar o formulario de contacto dispoñible no espazo web

digitalent.xunta.gal/gl/contact

**Impulsando o
talento tecnolóxico
en Galicia**

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA